

Habana, 18-11-89

Luis, querido amigo:

Cinda levamos comeco es con das tuas cancións en
Sreatmaior, e a lección da túa eficaz comunicación cos nenos.
Foi unha xornada preciosa, aquela da Biblioteca Luis Seoane,
cunha agadeste foi atopando de novo, convidando moito con
teu presenza, un día de Celanova, cando a entrega da
medalla "Casa dos Poetas".

Eu andiven con moito traballo desde que regresamos, pero
tu estou un alfo desafogado. Estiven traducindo o folgo "A idade
de ouro", libro que trae moitos, o Héroe y animal de Cuba
escribas hai con outros libros dos nenos de América.
Hoxe escribo a Xosé Luis Iglesias, a Aemania, ese amigo

Seu que ten direccións unhas obxeccións á versión alemá
de "Inventos dos meus libros".

¡Adiante! ¡Éxito! Feliz 1990.

Agnirun de Auzán e meus pan Xulia e form
teus pais. E para ti unha foto, entansse, paternal
afecto

Pepe Urrutia

Aportado 4269
Habana - y
Cuba

Habana, 18-XII-89

Suso, querido amigo:

Aínda levamos connosco os ecos das túas cancións en Soutomaior, e a ledicia da túa eficaz comunicación cos nenos. Foi unha xornada preciosa, aquela da Biblioteca 'Luis Seoane', como agradable foi atoparte de novo, honrándonos moito coa túa presenza, nos días de Celanova, cando a entrega da medalla 'Casa dos Poetas'.

Eu andiven con moito traballo dende que regresamos, pero xa estou un algo desafojado. Estiven traducindo ó galego 'A idade de ouro', libro que Xosé Martí, o Héroe Nacional de Cuba, escribiu hai cen anos para os nenos da América.

Hoxe escribo a Xosé Luis Iglesias, a Alemania, ese amigo teu que ten —dixeches— unhas obxeccións á versión alemá de 'Memorias dun neno labrego'.

¡Adiante! ¡Éxitos! Feliz 1990.

Agarimos de Anisia e meus para Xulía e para teus pais. E para ti unha forte, entrañable, fraternal aperta.

Pepe Neira Vilas

Apartado 269. Habana, Cuba